


Intervención do Presidente da Xunta
PREGÓN DE BEGONTE



Begonte, 3 de decembro de 2011

Autoridades;

Amigas e amigos;

Veciñas e veciños de Begonte:

É un pracer para min estar un ano máis na inauguración do que sen dúbida é un dos actos máis relevantes da provincia cada ano. Hoxe fago ademáis de xeito especial cun dobre encargo do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

Por un lado, transmitirilles as súas disculpas, porque a convocatoria dunha xuntanza co presidente electo do goberno español, Mariano Rajoy, impediulle poder estar hoxe aquí, tal como tiña comprometido. Compromiso que mantén para unha próxima data.

Como segunda petición, nos próximos minutos transmitireilles as verbas que el mesmo lles pensaba facer chegar a todos os veciños e visitantes de Begonte.

FEIJÓO

Agradecido como estou por que me elixirades pregoeiro da cita máis senlleira destas terras de Begonte, quero dar resposta a tal honor como corresponde. Aínda que, sen falsas modestias, non saiba con certeza que fixen eu para merecer isto.

É evidente que non me concededes esta distinción como parte desta espectacular montaxe.

Eu veño aquí como simple espectadora, marabillado, iso si, polo **resultado conseguido, que se vai superando ano a ano**. E que, malia a ausencia de José Rodríguez Varela, de Joselín¹, segue cumprindo as expectativas.

Tampouco podo equipararme ó único Presidente da Xunta que, antes ca min, preogooou o nadal begontino. Porque **don Manuel, máis que por presidente, tiña autoridade para estar aquí, nesta mesma tribuna, por chairego**. E eu, aínda que teño ben apego por esta terra, ser, son ourensán.

¹ FOI O IMPULSOR DO BELÉN ELECTRÓNICO E FALECEU HAI DOUS ANOS. O ANO PASADO, COINCIDINDO COA INAUGURACIÓN DO BELÉN, O CONCELLO NOMEOUNO FILLO PREDILECTO.

Calquera outro mérito especial non o atopo, porque o certo é que non é digno de ningunha consideración especial pola vosa parte que eu intente gobernar o mellor posible polo ben de Begonte, de Lugo, de Galicia, na medida en que podo dende as miñas responsabilidades na Xunta e na medida en que mo permiten as circunstancias.

Por iso, penso sinceramente que, máis que un premio, o que me estades facendo é un importante encargo.

Se cadra porque sodes conscientes de que os 40 anos desta historia ofrecen moito que aprender a calquera. E máis aínda a alguén que, coma min, sempre pensou que un dirixente político non necesita de ningún tratado especial para ilustrarse.

A mellor filosofía política sempre a atopo na sabedoría popular. E á vista está que en Begonte sabedoría hai dabondo e haina colectiva.

Basta con observar este espectáculo en forma de Belén e imaxinar o trasfego de xentes que o fai posible, para darse conta dos impresionantes efectos que pode ter traballar en equipo.

Coma se fora un adro dominical, deses nos que tanto departiron os nosos antergos, este espazo é a proba de que o espírito comunitario, o espírito de cooperación, está completamente arraigado nas nosas xentes. **Malia os persistentes tópicos individualistas, Galicia está formada por xente sociable que, en consecuencia, quere vivir, e vive, en sociedade.**

Pero ademais dos valores que garda a súa elaboración, este Belén de Begonte danos outras dúas grandes leccións na súa posta en escena. A primeira delas é que fuxe do inmovilismo.

As figuras son fieis á tradición, pero vólvense dinámicas grazas á electrónica, que tamén vai pulindo e mellorando cada Nadal o entorno no que se asentán. **¡Qué gran exemplo nos dades a todos mantendo durante décadas as raigañas da nosa cultura popular, pero adaptada a tódalas posibilidades que nos dá a modernidade!**

A segunda gran virtude é que este Belén suxire, no fondo, unha chea de soños. Nesta feliz representación os muiñeiros moen, os labregos cultivan a terra, os pastores atenden o gando e os pescadores pescan.

Á marxe das crenzas de cada quen, á marxe da intensidade coa que uns e outros sintamos as festas do Nadal, o certo é que, **calquera que veña aquí pode soñar cunha Galicia e cunha España con tanta actividade como ten o Belén de Begonte.**

Por iso, queridas veciñas e veciños de Begonte, fágovos saber que acepto o encargo e que me comprometo a levar a mensaxe que me dades, como se fora a estrela que guiou ós Reis Magos.

A mensaxe de que hai unha Galicia unida, que mira para adiante sen desprenderse das súas tradicións e costumes, e que ten esperanza porque conta cun pobo que é capaz de traballar de forma tan constante e infatigable como os creadores deste Belén.

Que esa mensaxe cale na nosa xente, cale en tódolos galegos e dea ánimo a todos os que o están pasando mal, sería un regalo tan grande que, para servos sincero, por este Nadal eu non tería máis que pedir.

Entre que chega e non chega ese presente que desexo para todos, agradezo moito que me deixarades compartir convosco esta xornada tan especial para Begonte. Porque, **como dixo don Manuel, e eu só pode ratificalo, vir aquí neste día é atopar un “*recanto de paz*”**. E tal cousa é moita cousa, dados os tempos axitados que vivimos.

Tiña razón aquel Fiz Vergara, poeta das terras de Lóuzara, cantor do Belén begontino:

*A Begonte este ano iremos
pra visita-lo Belén.
de Begonte voltaremos
encheitos de paz e ben.*

Canta razón!!. Haberá que vir máis veces.

Parabéns a todos, que teñades un gran Nadal, e moitas grazas pola invitación. E polo encargo.